

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA

1.- XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO

En cumprimento do establecido no artigo 109.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), o procedemento aberto xustifícase por ser un dos procedementos de adxudicación ordinarios e non concorrer circunstancias que recomenden acudir a un procedemento restrinxido, nin ningún dos supostos que permiten a utilización de calquera outro tipo de procedemento (art. 138.2 TRLCSP).

A valoración de diferentes criterios para a adxudicación do presente contrato ven imposta no artigo 150.3 g).


2.- OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do presente contrato a prestación das actuacións de carácter básico e de carácter complementario que integran o Servizo de Axuda no Fogar (en diante SAF) que inclúe a prestación básica do sistema de servizos sociais en réxime de libre concorrència persoas en situación de dependencia valorada que contén con asignación deste servizo na correspondente resolución do programa individual de atención, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

3.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O contrato que aquí se regula configúrase coma de servizos, de conformidade có establecido no artigo 10 do TRLCSP, ao que lle corresponde a codificación CPV-8531000-5. O contrato ten carácter administrativo e rexérase, no non establecido neste Prego, polo previsto na Ordenanza reguladora do SAF municipal do Concello de Silleda de 10/02/2014 e pola Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do SAF do Concello de Silleda, de 10 de febreiro de 2014, así como polo disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento e polos preceptos vixentes da Orde do 22 de xaneiro do 2009, reguladora do Servizo de Axuda no Fogar (DOG número 22, do 2/02/2009), en todo o que non se opoña ao Decreto antes referido. Igualmente o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de





servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Da mesma forma será aplicable o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e as súas disposicións complementarias, a lexislación de contratos que, en desenvolvemento da lexislación básica sexa promulgada pola Comunidade Autónoma, polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobada por R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, en todo aquilo que non contradiga a lexislación anterior, polo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e polas demais normas de dereito administrativo que sexan de aplicación e, en defecto destas, polas normas aplicables de dereito privado.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos ó mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgados pola Administración que poidan ter aplicación na execución do pactado, no eximirá ó empresario da obriga do seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que poideran xurdir na interpretación, modificación ou resolución deste contrato serán resoltas, tendo en conta o disposto nos artigos 210 e seguintes do TRLCSP e artigo 97 e seguintes RCAP polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin a vía administrativa, podendo ser recorridos ante a xurisdicción contencioso-administrativa con cumprimento dos requisitos establecidos na lei reguladora de dita xurisdición.

4.- PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de duración do contrato é dun ano (UN ANO) dende a data da súa formalización, prorrogable por acordo expreso das partes por períodos iguais ou inferiores, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, poida exceder de 2 anos, debendo o adxudicatario solicitar a prórroga cun prazo mínimo de 1 mes de antelación. Se chegado o remate do período de contratación, inicial ou prorrogado, o Concello de Silleda non conta cun novo adxudicatario, a empresa contratista deberá continuar coa prestación do servizo ata que un novo adxudicatario ou o propio Concello se faga cargo do mesmo ata un máximo de 3 meses, nas mesmas condicións técnicas e económicas vixentes nesa data.

5.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento de licitación do Servizo de Axuda no Fogar de prestación básica e dependencia calcúlase sobre o prezo/hora de prestación do servizo distinguindo dous tipos de servizos (ordinario e extraordinario), establecéndose a estes efectos os seguintes prezos unitarios:

-Prezo ordinario de licitación do Servizo de Axuda no Fogar de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas os días laborables e sábados pola mañá, 11,70 euros hora, IVE excluído.



-Prezo extraordinario de licitación do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas ao sábado pola tarde, domingos e festivos, 13,7 euros hora, IVE excluído.

O periodo de tempo nos desprazamentos aos domicilios para prestar o servizo, considerarase incluído no prezo do contrato por hora realizada. Igualmente, neste orzamento enténdense engadidos calquera tributo ou gasto que poida gravar o obxecto da contratación.

O montante previsto de horas a contratar queda establecido como segue:

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS

ESTIMACIÓN HORAS/ANO	LABORABLES E	DOMINGOS E FESTIVOS	TOTAL (SEN IVE)	TOTAL (IVE INCLUÍDO)
	SÁBADOS MAÑÁ			
22.692	21.879	813	267.122,4 EUROS	277.806,4 EUROS

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE LIBRE CONCORRENCIA

ESTIMACIÓN HORAS/ANO	LABORABLES E	DOMINGOS E FESTIVOS	TOTAL (SEN IVE)	TOTAL (IVE INCLUÍDO)
	SÁBADOS MAÑÁ			
1.232	1.232		14.414,4	15.855,84 EUROS


O número de horas sinaladas é unha estimación polo que no caso de que sexa necesario un aumento do número de horas de prestación do servizo en aplicación da normativa vixente, o Concello poderá modificar –previa tramitación de expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria- o contrato, incrementando o número de horas de atención cuio custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE. En consecuencia este aumento do número de horas terá como límite máximo un incremento do presuposto do contrato de 56.307.36 IVE excluído, 58.732,448 euros IVE incluído.

Así mesmo e dado que o número de horas do contrato é unha estimación pode acontecer que o número de horas efectivas sexa inferior ó número de horas estimadas. Neste caso o contratista só terá dereito a percibir o custo das horas efectivamente realizadas, pero nos casos nos que esta redución supoña unha estimación anual de horas inferior ó 20% poderá instar a resolución do contrato.

O valor estimado do contrato por ano ascende a 309.690.48 euros IVE excluído, 323.028,47 euros IVE incluído.

Os/as licitadores/as formularán as súas proposicións especificando o prezo ordinario, de acordo co anexo I, indicando como partida independente o imposto sobre o valor engadido.





6.-FINANCIACIÓN DO CONTRATO

O prezo do contrato abonarase ó/a adxudicatario/a fraccionado por mensualidades vencidas, previa presentación da correspondente factura das horas de traballo efectivamente realizadas, coa conformidade do/a técnico/a de Servizos Sociais municipais responsable do servizo e fiscalización de Intervención.

A entidade prestadora presentará a factura no Concello de Silleda, a mes vencido, nos primeiros cinco días hábiles do mes seguinte, que incluírá os seguintes datos:

-Nome e apelidos das persoas beneficiarias.

-Horas asignadas a cada persoa beneficiaria.

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2012.0.233.22799 do orzamento municipal do exercicio correspondente. Da mesma forma e no caso de prórroga, a eficacia do contrato quedará condicionada a existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes Orzamentos do Concello de Silleda para este fin.

7.-GARANTÍAS

Dadas as características do contrato non se esixe a constitución de garantía provisional.

O/a adxudicatario/a virá obrigado/a a constituir unha garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, IVE excluído, en calquera das formas previstas no artigo 96 TRLCSP.


A devolución e a cancelación de garantías efectuaranse de conformidade co disposto no artigo 102 do TRLCSP.

8.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Están facultadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición para contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Así mesmo as empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia, área de comunidade.

Os/as empresarios/as que concorran agrupados/as en unións temporais quedarán obrigados/as solidariamente, e deberán nomear un/unha representante ou apoderado/a único/a da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo





da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

A efectos da licitación, as entidades que desexen concorrer integradas nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos/as que a constitúan e a participación de cada unha, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios/as do contrato.

9.-PERFIL DO CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa á contratación, ademais de anunciar a licitación no BOP, de acordo co artigo 142 do TRLCSP, publicarase o anuncio de licitación no perfil do contratante do concello de Silleda, na páxina Web www.silleda.es.

Os interesados poderán consultar a documentación relativa ao procedemento de contratación no perfil do contratante ou directamente na Secretaría Xeral do Concello.

10.-PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións para participar no procedemento de adxudicación presentaranse no rexistro xeral do concello de Silleda, dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte a aquel no que se publique o último anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia e Perfil do contratante, en aplicación do establecido no artigo 159.2 en relación co 144 do TRLCSP. No caso de que o anuncio de licitación non se publique de forma simultánea o prazo de presentación contarase a partir da última publicación. Se o último día de prazo coincide en sábado ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

As proposicións presentaranse en horario de atención ao público, en dos sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, nos que figurará a inscrición : ***“Proposición para tomar parte no procedemento de licitación para adxudicar o contrato de Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes valoradas do Concello de Silleda”***. Os sobres deberán identificar ao licitador e estarán asinados polo mesmo ou a persoa que o represente.

Os sobres conterán a seguinte documentación:

SOBRE “A” titulado “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA” incluirá a seguinte documentación:



- a) Unha folla independente do resto da documentación na que se faga constar o contido do sobre, enunciado numericamente.
 - b) Documentación acreditativa da personalidade xurídica e capacidade de obrar do/a empresario/a .
- Cando se trate de empresario/a individual:
 - Para españois: Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
 - Para estranxeiros/as: Fotocopia compulsada do pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo.
 - Cando se trate de persoa xurídica: escritura de constitución, ou de modificación de Estatutos, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle fose aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, ou de modificación de Estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos no correspondente rexistro oficial. Aportarase así mesmo fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

A documentación de referencia deberá presentarse obrigatoriamente en documento orixinal ou copia legalizada ante Notario/a ou diante da Secretaría do Concello.

- Cando se trate de empresarios/as non españois de Estados membros da Comunidade Europea, a capacidade de obrar acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos/as ou mediante declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezcan reglamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os/as demais empresarios/as estranxeiros/as acreditarán a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, no que faga constar que figuran inscritos no Rexistro Local Profesional, Comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan con habitualidade no ámbito das actividades as que se estenden o obxecto do contrato. Así mesmo deberán presentar un informe de reciprocidade no que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración de forma substancialmente análoga. Ademais será necesario que acrediten que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados/as ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil.



As empresas extranxeiras presentarán os seus documentos constitutivos traducidos de forma oficial ao castelán/galego.

c) Documento que acredite a representación.

Se o asinante da proposta actúa en calidade de representante do/a licitador/a, deberá acompañarse fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa, en caso de españois; ou pasaporte, permiso de traballo e autorización de residencia para estranxeiros/as.

Igualmente deberá presentar copia notarial do poder de representación, bastantado pola Secretaría do Concello.

d) Declaración de no estar incurso en prohibición de contratar

Os/as licitadores/as deberán presentar unha declaración responsable que a empresa non se encontra en ningunha das circunstancias de prohibición de contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP, e que incluíra a declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ó modelo que se une como anexo II a este prego.

e) Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

- A acreditación da solvencia económica e financeira realizarase polos seguintes medios –artigo 75 a) TRLCSP-:

Declaración/s apropiada/s de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

- A acreditación da solvencia técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 78 do TRLCSP realizarase polos seguintes medios:
 1. Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado dos mesmos, debidamente certificado conforme ao establecido no apartado a) do citado artigo 78.
 2. Titulacións académicas e profesionais do/a empresario/a e do persoal directivo da empresa, e en particular do persoal responsable da execución do contrato.
 3. Declaración do equipo técnico de que dispón o/a empresario/a para a realización do contrato, adxuntado a documentación acreditativa pertinente.

f) Documentación complementaria



As empresas licitadoras deberán acreditar a inscrición no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, area de comunidade, mediante a presentación do documento expedido pola Xunta de Galicia.

g) Responsabilidade civil

Declaración responsable asinada polo/a licitador/a na que se compromete a subscribir un seguro de responsabilidade civil con compañía aseguradora legalmente constituída, que cubra todos os accidentes, danos ou prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da execución do contrato.

h) Disposición común as empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias).

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición de tribunais e xulgados españois de calquera orde para a todas incidencias que de xeito directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia no seu caso ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle poida corresponder ao licitador, tal como establece o artigo 146.1.e) do TRLCSP.

i) Unións temporais de empresas

A efectos da licitación, as entidades que desexen concorrer integradas nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos/as que a constitúan e a participación de cada unha, representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo e compromiso de constituírse formalmente en escritura, antes da formalización do contrato, no caso de resultar adxudicatarias do contrato, de acordo co establecido no artigo 59 do TRLCSP.


j) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que distintas empresas vinculadas, conforme ao establecido no artigo 145 do TRLCSP, concorran a licitación deberán presentar unha declaración indicado dita circunstancia así como a razón social de todas as empresas pertencentes ao mesmo grupo que participan no procedemento de contratación.

k) Rexistro oficial de licitadores

Os/as licitadores/as que se encontren inscritos/as en algún rexistro oficial, poderán presentar a correspondente certificación da inscrición, quedando dispensados/as de presentar os documentos que consten no rexistro oficial.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no “sobre B” no “sobre A” implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.



SOBRE "B" titulado "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN AVALIABLE DE FORMA AUTOMÁTICA", incluirá:

- a) Oferta económica, asinada polo licitador, debendo figurar como partida independente o IVE.
- b) Oferta de servizos e axudas técnicas anuais de prestacións específicas complementarias sen custo adicional para a administración, acompañada de memoria explicativa das mesmas.
- c) Oferta de servizos anuais de transporte adaptado para casos puntuais, acompañada de memoria explicativa do servizo de transporte ofertado.

A oferta económica, a de prestacións específicas complementarias e a oferta de servizos anuais de transporte adaptado, formularanse conforme ao modelo que figura como **Anexo I** deste Prego.

As propostas por correo só se admitirán cando se xustifique a data de imposición na oficina correspondente dentro do prazo de presentación de proposicións, sendo preciso anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (986 58 10 21) ou telegrama no mesmo día, indicando a licitación á que concorre, así como o nome ou no seu caso, razón social da empresa. En todo caso, non se terán en conta as ofertas que non se reciban no Concello dentro dos cinco días seguintes á finalización do prazo de presentación.

Cada licitador/a non poderá presentar máis dunha proposición, nin poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outro/a se a presentou individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal.

Se algunha proposta económica carecera de concordancia coa documentación examinada e admitida, excedera do orzamento de licitación ou variara substancialmente o modelo establecido, será descartada pola Mesa de Contratación. Tampouco se terán por correctas nin válidas aquelas ofertas económicas que conteñan cifras comparativas ou expresións ambiguas, así como aquelas que se presenten con enmendadas ou raspaduras que poidan inducir a dúbida racional sobre o seu contido.

A presentación das propostas presupón a aceptación incondicional, por parte do/a empresario/a, do contido do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares sen salvidade ningunha.

11.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

A Mesa de Contratación estará constituída do seguinte modo:

-Presidenta: Sr. Alcalde Presidente Don Manuel Cuiña Fernández ou concelleira/o en quen delegue.

-Vogais:

- o Interventor Xeral do Concello de Silleda, e na súa ausencia o/a funcionario/a habilitado/a.
- o Secretario Xeral do Concello de Silleda, e na súa ausencia o/a funcionario/a habilitado/a.
- o Dona Dolores García Troitiño, Concelleira de Benestar Social e Igualdade.
- o Dona María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello de Silleda, e na súa ausencia Dona María Celia González Peteiro, Traballadora Social do Concello de Silleda.
- o M^a Pilar Peón Iglesias, concelleira.

-Secretario: Don David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda.


A Mesa de Contratación reunirse ás 10:00 horas do terceiro día natural seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións para proceder á apertura dos sobres "A" "Documentación administrativa". Se cadrase sábado, domingo ou festivo, trasladarase o inmediato hábil seguinte.

A Mesa poderá conceder un prazo non superior a tres días hábiles para que os/as licitadores/as poidan corrixir os defectos ou omisións enmendables da documentación presentada.

Nun prazo non superior a catro días, contados desde a apertura dos sobres A, a Mesa procederá a apertura dos sobres B "Proposición económica e documentación avaliable de forma automática" en acto público que terá lugar no Salón de Plenos do Concello de Silleda, na data e horas que se sinala e cuxa convocatoria realizarase mediante inserción no perfil do contratante e se notificará vía fax ou correo electrónico aos/ás licitadores/as participantes.

Reunida a Mesa de Contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, a presidenta dará conta os/as asistentes do número de proposicións recibidas, comunicando o resultado da cualificación da documentación administrativa presentada.

A Mesa de Contratación, unha vez valoradas as ofertas e tras solicitar os informes que estime oportunos, formulará proposta de adxudicación a favor da proposta que resulte máis vantaxosa, que elevará ao órgano de contratación acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á administración. Non obstante, ando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta da Mesa deberá motivar a súa decisión (artigo 160.2 do TRCSP).





12.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

a) Prezo ofertado* MÁXIMO 55 PUNTOS

A efectos de valorar a oferta económica terase en conta o **prezo/hora do día laborable exclusivamente** –prezo ordinario-, evaluándose do modo seguinte:

-A proposición que oferte o prezo/hora máis baixo obterá a máxima puntuación -55 puntos- .

-Por cada fracción centesimal –tomando como referencia a mellor oferta económica- restarase da puntuación máxima 0,5 puntos.

*A valoración do prezo ofertado realizarase excluindo o IVE.

b) Prestacións específicas complementarias sen custo adicional para a administración MÁXIMO 41 PUNTOS desglosados como segue:

- *Servizo de fisioterapia a domicilio, ata un máximo de 25 puntos.* As empresas licitadoras ofertarán un número de servizos anuais –cada servizo será equivalente a unha hora de prestación de fisioterapia-.

Valorarase a razón de 0,25 puntos cada servizo de fisioterapia ofertado.

- *Servizo de podoloxía a domicilio, ata un máximo de 12 puntos.* As empresas licitadoras ofertarán un número de servizos anuais –cada servizo será equivalente a unha hora de prestación de podoloxía-.


Valorarase a razón de 0,12 puntos cada servizo de podoloxía ofertado.

Estas atencións complementarias terán carácter diferenciado dos servizos habituais e prestaranse por profesionais titulados/as nas respectivas disciplinas.

- *Oferta de axudas técnicas anuais, ata un máximo de 4 puntos.* As empresas licitadoras deberán indicar o número de axudas que pon a disposición do Concello para a duración total do contrato. No referente á xestión das ditas axudas (entrega no domicilio dos/as usuarios/as, recollida, mantemento, etc.) serán por conta da empresa concesionaria e unha vez remate a relación contractual coa empresa concesionaria pasarán a ser titularidade do Concello de Silleda sen custo algún.

A efectos de valoración unicamente teranse en conta os seguintes grupos de axudas:

1. Grúas de mobilización persoal
2. Cadeiras ducha-baño



3. Camas articuladas

4. Cadeiras de rodas

Valorarase a razón de 0,10 puntos cada axuda técnica ofertada, ata un **máximo de un punto** para cada un dos grupos.

As empresas licitadoras deberán presentar descripción detallada e soporte fotográfico de ditas axudas técnicas que deberán reunir as características de eficacia, seguridade, manexo sinxelo e estar fabricadas con materiais resistentes e duradeiros.

c) Oferta de servizos anuais de transporte adaptado para casos puntuais ata un MÁXIMO DE 4 PUNTOS.

Valorarase a razón de 0,20 puntos por cada servizo de transporte ao ano, en vehículo adecuado ás necesidades do/a usuario/a.

A estes efectos considerase servizo de transporte adaptado a viaxe de ida e volta, dentro do ámbito autonómico, para casos puntuais nos que non sexa posible a utilización dos servizos de transporte en ambulancia ou no 065.

Será necesaria a indicación do ou dos vehículos dos que dispón a empresa para a prestación do servizo, con pronunciamento expreso de que dito/s vehículo/s cumpren coas condicións e requisitos esixidos pola lexislación vixente para este tipo de transporte.

Dado que para a valoración da oferta economicamente máis vantaxosa se establecen criterios exclusivamente matemáticos, non se valorarán outros servizos ou melloras distintos/as dos/as enumerados/as anteriormente e dentro destes valorarase do modo indicado en cada apartado sen ter en conta outras circunstancias.

13.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da Mesa de Contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentara esta oferta, para que no prazo de diez días hábiles, contados dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, presente a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o/a licitador/a retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao/á licitador/a seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.



Terá preferencia na adxudicación, en igualdade de condicións, as empresas con maior porcentaxe de persoas con discapacidade, empresas de inserción e entidades sen ánimo de lucro debidamente rexistradas ou autorizadas para prestar os servizos obxecto do contrato.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación presentada polo/a licitador/a.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha proposición que sexa admisible de acordo co establecido no prego.

O acordo de adxudicación deberá ser motivado e notificarse aos/ás licitadores/as, publicándose simultaneamente no perfil do contratante do Concello, de acordo co disposto no artigo 151.4 do TRLCSP.

A notificación deberá conter a información necesaria que permita ao/á licitador/a excluído ou candidato/a descartado/a interpor, conforme ao artigo 40 do TRLCSP, recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación.

14.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, o contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os gastos que ocasione.


De conformidade co establecido no apartado 3 do citado artigo 156, se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a súa formalización en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos/ás licitadores/as e candidatos/as.

O órgano de contratación, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior, sen que se teña interposto recurso que leve implícita a suspensión da formalización do contrato, requirirá ó/á adxudicatario/a para que formalice o contrato dentro dos cinco días seguintes a aquel no que reciba o requirimento. De igual forma procederase cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

15.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

a) Obrigas

- O/a adxudicatario/a estará obrigado/a a cumprir todas as obrigas que esixa a normativa vixente en materia de protección da industria, en



materia laboral e de prevención de riscos laborais, así como de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no Traballo.

- No caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero ocorrido ós/ás traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o/a adxudicatario/a cumprirá o disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance en modo algún ao Concello.
- O/a adxudicatario/a estará obrigado/a a pagar os anuncios que se publiquen nos diarios oficiais ata un máximo de 1.500 euros. Así mesmo, deberá pagar tódolos impostos, taxas e prezos públicos aplicables ó contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato.
- No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ó que pertencen os/as traballadores/as adscritos ó servizo, a entidade adxudicataria comprométese a manter informada á entidade local das incidencias e coordinará coa Concellería de Benestar Social os servizos mínimos. Unha vez finalizada, a empresa adxudicataria deberá presentar, no prazo máximo dunha semana, un informe no que se indiquen os servizos mínimos realizados e o número de horas ou servizos que se deixaron de realizar.

b) Dereitos

O contratista ten dereito a que se lle abone a prestación realizada de acordo co establecido no presente prego, e nos termos que recolle o artigo 216 do TRLCSP. Así mesmo terá dereito a transmitir os dereitos de cobro de acordo co disposto no artigo 218 do referido Texto legal.

16.-SUBROGACIÓN DO PERSOAL


O/a adxudicatario/a está obrigado a subrogarse na contratación do persoal incluído no **Anexo III** deste prego de cláusulas administrativas, no que constan as condicións dos contratos do plantel actual, e con aplicación do disposto no vixente Convenio Colectivo de traballo do Sector de Asistencia Domiciliaria.

Os/as licitadores/as deberán ter en conta as condicións laborais dos/as empregados/as para elaborar as súas ofertas.

17. RESPONSABILIDADE E SEGURO

O/a adxudicatario/a será responsable de todos os danos e prexuízos ou accidentes de toda natureza que sexan causados a terceiros polo seu persoal ou como consecuencia dos traballos obxectos do contrato. Esta responsabilidade non rematará ata que se cumpra totalmente o prazo de duración do contrato.





O/a adxudicatario/a deberá ter contratada, ao comezar a prestación dos servizos, unha póliza de seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros, cunha compañía aseguradora legalmente constituída, por importe mínimo de ----- euros. Esta póliza xunto co xustificante de pago da prima deberá presentarse no concello de Silleda no prazo de quince días hábiles seguintes á notificación do acordo de adxudicación.

18.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Corresponde ao órgano de contratación interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, así como acordar a súa modificación por razóns de interese público ou resolvelo determinando os efectos da resolución.

19.- EXECUCIÓN DO CONTRATO. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas nos pregos de cláusulas administrativas e no contrato, observando fielmente o establecido no prego de condicións técnicas, adscribindo á execución do contrato os medios materiais e persoais ofertados polo/a contratista adxudicatario/a, e seguindo as directrices do Departamento de Servizos Sociais do Concello.

O Concello poderá modificar o contrato por razóns de interese público, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 219 e 306 do TRLCSP. As modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

Concretamente, no caso de que sexa necesario un aumento no número de horas de prestación do servizo derivada da aplicación progresiva da normativa vixente en materia de Dependencia, o Concello poderá modificar –previa tramitación de expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria- o contrato, incrementando o número de horas de atención cuio custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE.

En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos no mesmo por causas imputables ó/a adxudicatario/a, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por declarar resolto o contrato, con perda da garantía ou impoñer ó/a adxudicatario/a penalidades de acordo co establecido no artigo 212 do TRLCSP.

Os importes das penalidades faranse efectivos/as mediante a dedución dos mesmos da facturación que se produza, en todo caso a garantía responderá da efectividade de aquela.

20. PRAZO DE GARANTÍA

Non procede dada a natureza do servizo a realizar, que se prestará de forma continuada. Considérase que non procede o establecemento dun prazo de garantía, ao





non existir a posibilidade de que se produza un deterioro posterior á recepción do servizo que conveña garantir.

21.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato terá lugar nos supostos establecidos no artigo 223 e 308 do TRLCSP, sendo acordadas polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do/a adxudicatario/a, e cos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do mesmo texto refundido.

Así mesmo o contrato poderá extinguirse cando se produza a circunstancia da redución do número de horas superior ó 20% respecto ó estimado anual sen que neste caso proceda ningún tipo de indemnización por parte do Concello nin incautación de garantía definitiva.

22.-REVISIÓN DE PREZOS


A revisión de prezos se levará a cabo mediante a fórmula aprobada polo Consello de Ministros, previo informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, para cada tipo de contratos (art. 78.1º, LCSP, hoxe 89,90,91 do Texto Refundido), e tal revisión só poderá ter lugar unha vez transcurrido o primeir ano desde a formalización do contrato

- RDL 3/2011 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Artículo 90. Sistema de revisión de prezos.



1. Cuando resulte procedente, la revisión de prezos se llevará a cabo mediante la aplicación de índices oficiales o de la fórmula aprobada por el Consejo de Ministros, previo informe de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, para cada tipo de contratos.

SILLEDA Xullo de 2014. O ALCALDE.



Este Prego foi aprobado na Xunta Goberno Local de data 8 de Xullo do 2014.

O SECRETARIO



ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/D^a....., con N.I.F. (ou pasaporte ou documento que o substitúa) número, actuando en nome propio (ou en representación de DNI ou CIF número....., e con domicilio en, rúa, código postal....., teléfono.....) fai constar:

A.- Que solicita tomar parte no procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes valoradas do Concello de Silleda, comprometéndose a realizar os traballos obxecto do contrato, con suxeición os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen dita contratación, que declara coñecer e acepta.

B.- Propón como prezo ordinario de licitación do contrato a seguinte cantidade:

Prezo ordinario sen IVE euros/hora

IVE aplicable%, *Importe IVE* euros/hora

Prezo ordinario IVE engadido euros/hora

C. Acepta como prezo extraordinario de licitación do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de dependencia e libre concorrancia, a cantidade de 13,7 euros hora, IVE excluído.

Prezo extraordinario sen IVE 13,7 euros/hora

Dependencia IVE aplicable 4%, Importe IVE 0,548 euros/hora

Libre concorrancia IVE 10% Importe IVE 1,37 euros/hora

Prezo extraordinario dependencia IVE engadido 14,248 euros/hora

Prezo extraordinario libre concorrancia IVE engadido 15,07 euros/hora



C.- Oferta de de servizos e axudas técnicas anuais de prestacións específicas complementarias sen custo, acompañada de memoria explicativa das mesmas:

1. Servizo de fisioterapia a domicilio:..... -indicar nº de servizos anuais-.

2. Servizo de podoloxía a domicilio :..... -indicar nº de servizos anuais-.

3. Oferta de axudas técnicas: -indicar nº para cada apartado-.

-Grúas de mobilización persoal:

-Cadeiras ducha-baño:

-Camas articuladas:

-Cadeira de rodas:

D.- Oferta de servizos anuais de transporte adaptado para casos puntuais, acompañada de memoria explicativa do servizo de transporte ofertado.

Ena.....de.....2012

O/a licitador/a

RECOMENDACIÓNS SOBRE A FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

1º.- En aras a simplificar e facilitar a avaliación das ofertas, as empresas licitadoras presentarán unicamente a documentación necesaria para a referida avaliación e se é o caso documentación explicativa desta, absténdose de achegar folletos publicitarios das empresas ou outra documentación que nada engada á valoración. Se é o caso solicitaranse as aclaracións oportunas por parte do técnico competente.

2º.- A documentación deberá presentarse de modo que se facilite o seu arquivo en archivadores para folio prolongado (388x275x116). En consecuencia os envoltorios, caixas, archivadores, embalaxes onde se presenten os documentos deberán ser retirados polas empresas licitadoras no prazo máximo de un mes dende a adjudicación, e no seu caso, serán destruídos polo Concello

ANEXO II

D./D^a....., con DNI nº.....,

e domicilio en, en nome propio, ou en representación da empresa, CIF nº....., en relación co procedemento de contratación do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas do concello de Silleda, declara que nin a empresa nin os/as seus/súas administradores/as ou órganos de dirección están incursos en prohibición de contratar coa administración, de conformidade co disposto no artigo 60 do TRLCSP.


Así mesmo declara que se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Lugar, data e sinatura do/a licitador/a

ANEXO III

AUXILIARES SERVIZO AXUDA NO FOGAR (S.A.F.) CONCELLO DE SILLEDA

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	GRUPO DE COTIZACIÓN	TIPO DE CONTRATO	ANTIGUIDADE	FINALIZACIÓN DE CONTRATO (NO SEU CASO)
	10	401 INDEFINIDO	16-04-1997- Alta S.S.Conc 1-01-1999-1er. Contrato	
	10	401 INDEFINIDO	15-01-2003	
DGR	10	401 INDEFINIDO	1-09-2005/30-09-2005 29-11-2005/26-12-2005 24-01-2006/28-04-2006 3-07-2006/30-11-2006 16-03-2007/10/04-2007 2-08-2007/31-10-2007 27-11-2007/7-05-2008 9-05-2008/13-05-2008 23-05-2008/30-06-2008 1-07-2008/31-10-2008 15-12-2008/9-01-2009 21-01-2009	
MCCF	10	401	29-11-2010/3-01-2011 24-01-2011/17-08-2011 28-02-2011/17-02-2012 20-02-2012/19-08-2012	21-11-2012



			21-08-2012/20-11-2012 21-11-2012/20-02-2013 21-02-2013/20-11-2013 21-11-2013/20-11-2014	
IPS	10	501	16-07-2007/31-08-2007 27-01-2009/6-02-2009 1-04-2009/23-04-2009 16-07-2010/31-07-2010 16-08-2010/28-08-2010 1-09-2010/1-10-2010 16-10-2010/18-10-2010 19-10-2010/17-11-2011 18-11-2011/17-02-2012 21-02-2012/20-08-2012	22-11-2012
		401	22-08-2012/21-11-2012 22-11-2012/21-02-2013 22-02-2013/21-11-2013 22-11-2013/21-11-2014	

